

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 02 DE OUTUBRO DE 2017 POLA QUE SE AMPLIA O PRAZO DE SOLICITUDES DE MATRÍCULA PARA O PROGRAMA DE MAIORES NOS CAMPUS DE OURENSE, PONTEVEDRA E VIGO

Unha vez rematado o prazo ordinario de preinscrición e matrícula establecidos na Resolución Reitoral do 27 de xuño de 2017, pola que se publica a convocatoria de preinscrición e matrícula no Programa para Maiores da Universidade de Vigo para o curso académico 2017/2018, e existindo prazas vacantes no campus de Ourense, Pontevedra e Vigo e, de acordo coas competencias conferidas, esta reitoría **RESOLVE**:

**Abrir un novo prazo de admisións de matrícula nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo ata o 17 de outubro de 2017 .**

Ditas solicitudes serán atendidas individualmente e admitidas a trámite por orde de presentación, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria de presinscrición e matrícula do Programa para Maiores da Universidade de Vigo (R.R. 27/06/2017).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte, da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.


En Vigo a 02 de outubro de 2017

O reitor

Por delegación R.R. do 29/06/2017 (D.O.G. do 10 de xuño)

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel José Fernández Iglesias



Dilixencia para facer constar que a presente resolución publícase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo.

Vigo, 02 de outubro de 2017

A Xefa de Sección de Extensión Universitaria

Mª Teresa Vetoret Peña